

Estimados pais, nais e titores,

Con motivo da publicación da Orde do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2019/20, no DOG núm. 94 do luns 20 de maio de 2019, informámoslles das distintas axudas que se poden solicitar:

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: Alumnado que no ano académico 2019/20 se matricule en calquera curso da ESO, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Están garantidos:

- 6 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 5.400.-€.
- 4 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 9.000.-€.

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: Todo o alumnado que curse no ano académico 2019/20 Educación Secundaria Obrigatoria.

Importe da axuda: 50.-€ para rendas per cápita igual ou inferior a 5.400.-€.

Os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que desexe beneficiarse de ditas axudas deberá presentar solicitude debidamente cuberta no centro educativo, xunto cunha copia do libro de familia (se terá en conta a situación a 31 de decembro de 2017, se os datos actuais non coinciden cos do libro de familia deberá achegarse documentación xustificativa). No mesmo documento se solicitarán os libros e a axuda de material para todos os fillos escolarizados no centro.


O prazo para a presentación é ata o 21 de xuño. Non se poderá solicitar en setembro.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS: É requisito para poder recibir libros do Fondo de Libros de Texto, devolver os libros procedentes do Fondo no curso 2018/19, nas seguintes datas:

- Os libros de todas as materias aprobadas en xuño, se recollerán os días 24 e 25 de xuño.
- Os libros das materias pendentes para setembro, se recollerán os días 4 e 5 de setembro.

A Estrada, 21 de maio de 2019

A Secretaria



Obdulia García Nimo

